

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: LECTURA DO INFORME TÉCNICO E APERTURA DO SOBRE C) QUE CONTÉN AS OFERTAS ECONÓMICAS PRESENTADAS Ó PROCEDEMENTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDÓY” SITO NA RÚA CARRIL DAS HORTAS 2014.**-----  
-----

Sendo as 13:00 horas do día 28 de agosto de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por dona Rosana Rielo Rozas, Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación e actuando como vocais dona Esther Muñoz Mella Concelleira de Educación, don Angel Trabada, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abraira Sobrado, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona María García Ferro en substitución da titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor Municipal, e actuando como secretario da Mesa don Manuel Louzao Aldariz, xefe do Servizo de Contratación.

Atópanse presentes no acto público de apertura do sobre C) que contén a oferta económica:

- Antonio Minguez Moreira, en representación da mercantil ALALÁS.
- Virginia Trillo Lado e Javier Busto Garcia en representación da mercantil INNOVACION Y DESARROLLO ASISTENCIAL S.L.

Abre a sesión o secretario da mesa dando lectura o informe técnico pola xefa do servizo de Servizos Sociais, de data 30 de xullo, relativa os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor, e no que se propón a seguinte valoración:

	ALALAS	IDEA	ARALIA
Calidade no emprego			
Melloras condicións laborais e salariais	0,5	0,4	0,3
Plan formación	0,5	0,25	0,15
Total puntuación	<b>1</b>	<b>0,65</b>	<b>0,45</b>

No mesmo acto procédese á apertura do sobre C) suxeito a criterios avaliábeis automaticamente, co seguinte resultado:

1.- **ALALÁS S.L.**, propón como prezo do contrato:

- Prezo anual excluído o IVE: **352.000 euros**
- Importe do IVE: **(14.080 euros)**

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cml

Refª: Sobre C) e lectura informe

Asunto:

- Prezo total IVE incluído: **366.080 euros**

2.- INNOVACION Y DESARROLLO ASISTENCIAL S.L, propón como prezo do contrato:

- Prezo anual excluído o IVE: **327.668 euros**
- Importe do IVE: **(13.106,74 euros)**
- Prezo total IVE incluído: **340.775,26 euros**

3.- ARALIA SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A, propón como prezo do contrato:

- Prezo anual excluído o IVE: **342.920 euros**
- Importe do IVE: **(13.716,80 euros)**
- Prezo total IVE incluído: **356.636,80 euros**


A continuación procédese a elaboración dos cadros de puntuacións totais:

	<b>ALALAS</b>	<b>IDEA</b>	<b>ARALIA</b>
Criterios avaliados mediante xuízo valor	1	<b>0,65</b>	0,45
Criterios avaliados sen xuízo de valor (oferta económica)	2,98	<b>9</b>	5,23
<b>Puntuación Total</b>	3,98	<b>9,65</b>	5,68

Á vista do cal e tendo en conta o informe técnico emitido pola xefa do servizo de Servizos Sociais e os cadros de puntuacións finais, os membros da mesa acordan seleccionar á mercantil **INNOVACION Y DESARROLLO ASISTENCIAL S.L** como a oferta economicamente máis vantaxosa; así mesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, xustificante de atoparse de alta no IAE, último recibo do seu aboamento e declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do sinalado imposto; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.


Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:00 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA



Asdo: Rosana Rielo Rozas

O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao Aldariz